



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

ESTRATEGIA GALEGA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL 2030

Balance 2021-2024

Contidos

- I. INTRODUCCIÓN
- II. CONTEXTO
- III. OBXECTIVOS E EIXES DE ACTUACIÓN
- IV. BALANCE DAS MEDIDAS



I. INTRODUCCIÓN



INTRODUCCIÓN

A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 (EGIA2030) naceu coa ambición de consolidar a Galicia como rexión líder no desenvolvemento e adopción da Intelixencia Artificial (IA), asegurando un impacto socioeconómico positivo.

Transcorridos os **tres primeiros anos de execución** deste instrumento estratéxico, resulta fundamental dispoñer dun primeiro balance de actuacións que permita **avaliar o grado de execución das medidas propostas**, analizar os **avances acadados** e sentar as bases para **novas iniciativas que acompañen ao impulso desta tecnoloxía** na rexión.

Así, este documento pretende ofrecer unha **visión detallada da situación actual das medidas definidas** na EGIA2030. Ao mesmo tempo, alínase cun **momento clave no marco da planificación estratéxica de Galicia**, marcado polo inicio da segunda metade da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030).

Nos últimos anos, a **intelixencia artificial experimentou unha explosión sen precedentes**, especialmente coa aparición da IA xerativa, que abriu novas posibilidades de innovación e desenvolvemento en múltiples sectores.

Este contexto global reforza a **relevancia para as rexións de contar cun marco estratéxico sólido**, adaptado aos retos actuais e orientado a maximizar o potencial da IA para o desenvolvemento socioeconómico rexional.

Con todo, o principal obxectivo deste documento é **avaliar os logros acadados nestes tres anos de EGIA2030 e identificar áreas de maior e menor avance**. Deste xeito, buscamos seguir avanzando cara a unha rexión que sexa capaz de liderar o cambio dixital de forma ética, sostible e competitiva.





II. CONTEXTO



CONTEXTO

A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial foi **aprobada e presentada no 2021**, como resposta aos novos retos e oportunidades vencellados ao crecente desenvolvemento da IA como tendencia global.

A súa elaboración forma parte das capacidades transversais a desenvolver no marco da **Estratexia Galicia Dixital 2030** e toma especial relevancia coa instalación da **sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial en Galicia**.

O documento, concibido como unha **ferramenta dinámica e adaptativa**, busca **consolidar a Galicia como líder en dixitalización** e promover a colaboración entre axentes públicos e privados no ámbito da IA.

O establecemento de colaboracións promoven o fortalecemento dun **ecosistema galego da IA no que conviven diferentes axentes**.



As **universidades e centros de coñecemento** teñen o rol de captar e reter talento, e de reforzar colaboracións internacionais para responder aos retos da industria e a cidadanía.



A **administración pública** debe actuar como guía e dinamizadora, liderando a adopción da IA nos sectores económicos.



As **grandes empresas** lideran os proxectos de IA, mentres que as **pemes**, aproveitan as oportunidades dixitais para mellorar os seus procesos e capacidades.



A **ciudadanía**, como principal axente beneficiario, recibe formación en competencias dixitais avanzadas para comprender e utilizar estas tecnoloxías na súa vida cotiá.

ACTUALIZACIÓN DA EGIA2030

Coa finalidade de adecuar a Estratexia aos novos escenarios, durante o ano 2023 levouse a cabo un **proceso de revisión, adaptación e actualización da EGIA2030**.

Así, o 26 de xaneiro de 2023 presentouse no Consello da Xunta o informe ***Galicia ante os novos retos da Intelixencia Artificial. Propostas para a adaptación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 aos novos escenarios***. No informe, recolléronse as seguintes propostas de adaptación:

1. Promoción dun **modelo operativo do nodo galicia**.
2. Establecemento de **mecanismos e protocolos de aseguramento da calidade** integrados cos existentes.

3. Creación dunha **industria galega de certificación en IA fiable**.
4. Promoción de **pilotos sandbox regulatorios** para **verificar a aplicación do marco ético** nos servizos baseados en IA.
5. Elaboración e promoción de guías destinadas a **impulsar a innovación en IA** na administración pública.
6. Elaboración **dun sistema de indicadores que mida o avance de adopción da IA** polo ecosistema.
7. Creación de **espazos comúns de datos** nos **sectores chave** para mellorar a compartición dos datos.
8. Análise das **convocatorias de proxectos europeos de interese común** (IPCEI) xurdidos no ano 2022.

CONTEXTO

FINANCIAMENTO

Para o financiamento desta Estratexia, aproveítanse os fondos europeos dispoñibles a través de iniciativas como o **Plan Europeo de Recuperación**, que inclúe o **Marco de Financiamento Plurianual 2021-2027** e os fondos **NextGenerationEU**, xestionados a través do **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)**.

Estes fondos, deseñados para promover a transición dixital e ecolóxica, representan unha **oportunidade clave para mobilizar recursos en Galicia**. A EGIA combina estes recursos europeos con outros de ámbito nacional e rexional, fomentando a colaboración público-privada para garantir un uso eficiente e coordinado dos investimentos.

Este enfoque permite impulsar proxectos innovadores e asegura que Galicia participe no **desenvolvemento dunha IA ética, segura e transformadora**, aliñada cos obxectivos estratéxicos da rexión.

MOTIVACIÓNS AO CAMBIO

A EGIA2030 enfróntase á necesidade de **coordinar os esforzos dos axentes públicos e privados do ecosistema galego de IA** para consolidar e acelerar o despregue desta tecnoloxía na rexión, adaptándose ás novas oportunidades e desafíos do contexto actual.

Galicia encóntrase nun **escenario ideal para a revisión e actualización da súa senda estratéxica en IA**, grazas á confluencia de varios acontecementos de gran relevancia.

O **inicio da segunda metade do período estratéxico da EGD2030** marca un momento clave coa a avaliación e definición dos novos retos de cara ao período 2025-2030. O proceso de avaliación intermedia deste marco resalta a necesidade de consolidar a IA como panca para a dixitalización de Galicia, aproveitando as capacidades tecnolóxicas rexionais e o liderado da Xunta de Galicia.

Ademais, **cumpríronse tres anos da EGIA2030**, nos que se sentaron as bases para o desenvolvemento desta tecnoloxía, coa implementación de iniciativas como a Lei para o desenvolvemento e impulso da IA en Galicia, o nodo galicIA ou a creación dun Comité de Ética que garante o emprego responsable da IA.

Así, resulta fundamental que neste novo período estratéxico se **impulsen novas actuacións** enfocadas á formalización dun marco de gobernanza robusto e á aceleración na adopción ética e responsable da IA por parte das empresas, cidadanía e Administración Pública galega.

En paralelo, o **proceso de reprogramación do Programa FEDER Galicia 21-27**, ofrece unha oportunidade única para integrar novas accións en materia de IA dentro do mecanismo de financiación rexional, potenciando e ampliando o seu impacto.

Finalmente, destaca a **oportunidade de que Galicia opte a converterse en sede dunha das Factorías de IA** impulsadas pola Comisión Europea a través da EuroHPC. O CESGA desempeñaría un rol central nesta candidatura, fortalecendo aínda máis o ecosistema de IA na rexión.

Ante este contexto, a Amtega pretende seguir traballando cara a identificación e priorización dos recursos e actuacións da Xunta de Galicia en relación coa IA. O principal propósito é o de optimizar os recursos públicos e privados, evitando solapamentos e promovendo sinerxías entre todos os axentes dos ecosistema galego de IA, para posicionar á rexión como referente no despregue positivo, ético, eficiente e sostible da IA.



III. OBXECTIVOS E EIXES DE ACTUACIÓN



OBXECTIVOS E EIXES DE ACTUACIÓN

OBXECTIVO XERAL

A EGIA 2021-2023 ten por obxectivo **converter a Galicia nunha rexión intelixente** que contribúa á soberanía dixital da Unión Europea, en base ao desenvolvemento e despregamento dunha **Intelixencia Artificial de vangarda, ética, segura e centrada nas persoas**.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Para avanzar cara a este obxectivo, a Xunta de Galicia promove, no marco da EGIA, **unha contorna de colaboración coordinada**, sumando os esforzos do sector público e privado, cos seguintes obxectivos estratéxicos:

“ Unha rexión intelixente é aquela que incorpora o potencial das tecnoloxías á transformación económica da mesma sobre a base das vantaxes competitivas rexionais, facilitando oportunidades de mercado nas novas cadeas de valor interrexionais e europeas ”

Figura 1. Obxectivos estratéxicos da EGIA



Fonte: Elaboración propia a partir da EGIA 2021-2030.

OBXECTIVOS E EIXES DE ACTUACIÓN

A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial establece **catro eixos prioritarios (EP) de actuación** co obxectivo de **impulsar a adopción e desenvolvemento da IA na nosa rexión**, garantindo un impacto socioeconómico positivo desta tecnoloxía. Estes eixos orientan as accións clave para cumprir cos obxectivos da EGIA.

EP1. Galicia Rexión Intelixente

O obxectivo de este eixo é avanzar cara a un **modelo de rexión intelixente que integre innovación, dixitalización e cohesión**, impulsando o desenvolvemento socioeconómico a través de instrumentos de financiamento adaptados e asegurando un marco ético e legal axeitado.

Obxectivos específicos:

Garantir a toma de decisións estratéxicas vinculadas á IA.

Posicionar a Galicia en IA a nivel nacional e europeo.

EP2. Talento e competencias en IA ao longo da vida

Este eixo céntrase na **formación e capacitación da sociedade galega en competencias dixitais e tecnoloxías intelixentes**.

A **formación pretende ser continua**, con especial atención á adquisición de habilidades dixitais básicas e á formación especializada necesaria para o desenvolvemento profesional nun entorno dixital.

Obxectivos específicos:

Impulsar unha sociedade formada en IA, tanto en competencias básicas como para profesionais avanzados.

EP3. Adopción estratéxica da Intelixente Artificial

A adopción da intelixencia artificial no sector público e en sectores clave da economía galega é unha prioridade. Este eixo busca **mellorar a eficiencia e a personalización dos servizos públicos**, contribuíndo tamén ao desenvolvemento de solucións en áreas como a sanidade, a educación e o turismo.

Obxectivos específicos:

Mellorar a eficiencia e a personalización dos servizos públicos.

Impulsar a economía do dato intelixente mediante a creación dun espazo común de datos.

EP4. I+i orientada ás necesidades da economía galega

Este eixo promove a **colaboración entre o tecido académico, investigador e empresarial** para aliñar as capacidades de investigación e innovación coas prioridades do sector público e privado galego. O obxectivo é **asegurar a transferencia tecnolóxica**, apoiando a creación de valor nas empresas e nos sectores estratéxicos da economía galega.

Obxectivos específicos:

Aliñar as capacidades de investigación e innovación do coas necesidades dos sectores público e privado galegos.

A través deste eixos, a EGIA establece unha folla de roteiro que asegura un crecemento equilibrado, sostible e innovador para Galicia, consolidándoo como referente en intelixencia artificial.



IV. BALANCE DAS MEDIDAS



ESTADO DE CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DA EGIA 2030

EIXE	MEDIDA	PENDENTE	EN CURSO	CUMPRIDA
Eixe 1. Galicia Rexión Intelixente	M01. Constitución do nodo de Intelixencia artificial de Galicia IA.GAL			
	M02. Deseño dun marco regulatorio para o control e avance ético do procesamento de datos o e seu uso co obxectivo de garantir os dereitos fundamentais na aplicación da IA.			
	M03. Conexión do ecosistema galego de IA con redes de coñecemento e programas nacionais e internacionais nesta materia a través do Radar IA.gal.			
Eixe 2. Talento e competencias en intelixencia artificial ao longo da vida	M04. Implementación da IA en todas as etapas do ensino, abordando a súa docencia cun enfoque transversal, desde a base do sistema en educación primaria até a educación universitaria.			
	M05. Orientación da especialización da formación científico-tecnolóxica regulada cara ao aproveitamento das capacidades das tecnoloxías intelixentes.			
	M06. Promoción das habilidades dixitais en IA para diferentes profesións en liña co establecido no Marco Galego de Competencias Dixitais.			
	M07. Promoción do uso das tecnoloxías intelixentes por parte da cidadanía galega.			
	M08. Procura de sinerxías entre os programas de impulso ao talento investigador e talento innovador cara á IA.			
	M09. Impulso de iniciativas de talento emprendedor en IA.			
Eixe 3. Adopción estratéxica da Intelixencia Artificial	M10. Promoción do rol de Xunta de Galicia como axente tractor na definición e desenvolvemento de iniciativas de colaboración público-privada na adopción da IA.			
	M11. Avance na explotación intelixente do dato público en base a un programa global de adopción da IA.			
	M12. Promoción da implantación da IA como elemento transformador para a prestación de servizos públicos e o impulso dos sectores estratéxicos para Galicia e avanzar na súa adopción.			
	M13. Promoción nas pemes e grandes empresas dos sectores estratéxicos de Galicia un estado de adopción de solucións intelixentes que lles permita competir nos mercados internacionais.			
Eixe 4 I+D+i orientada ás necesidades da economía galega	M14. Desenvolvemento dunha axenda compartida en I+D+i en IA entre os sectores público e privado que reúna as fortalezas dos centros de investigación e innovación e busque responder ás necesidades da AAPP e das empresas.			
	M15. Determinación da aplicación da IA como elemento esencial para a reactivación económica tras a pandemia e impulso da economía do coñecemento.			

GALICIA REXIÓN INTELIXENTE

MEDIDA 1. Constitución do nodo de Intelixencia artificial de Galicia IA.GAL

Constitución do **nodo de Intelixencia artificial de Galicia IA.GAL** como estrutura de cooperación público-privada conformada por universidades, unidades de investigación, centros tecnolóxicos, tecido empresarial, provedores TIC e administracións públicas. O nodo IA.GAL pretende ser unha estrutura transversal aberta e baixo a súa gobernanza impulsaranse liñas de cooperación entre o ecosistema.

PRINCIPAIS AVANCES

En xullo de 2022 inaugurouse o Nodo galicIA co obxectivo de interconectar aos axentes da IA da nosa rexión.



Creación dun comité asesor de alto nivel – IA.gal

En marzo de 2023, acordouse a creación dun Comité de expertos asesores de IA, formado por profesionais diferentes ámbitos, e encargado de asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento ético e fiable desta tecnoloxía.



Impulso de iniciativas de atracción de investimento nacional e internacional en IA

Nese mesmo ano, a Comisión de Seguimento do nodo preparou a candidatura de Galicia para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA).

Xa no 2024, a Xunta de Galicia comezou a preparar a súa candidatura para postularse como territorio de acollida dunha das Factorías de IA europeas.



Aliñamento das capacidades de ideación coa demanda da AAPP e os sectores produtivos de Galicia

En marzo de 2023, a Comisión de Seguimento do nodo aprobou un modelo operativo para consolidarse como organismo de referencia en Galicia, creando grupos sectoriais para optimizar os recursos e lograr un maior alcance das actuacións desenvolvidas.



Creación dun espazo de diálogo aberto e permanente IA en Galicia

No período 2022-2023 impulsáronse e celebráronse diferentes eventos ao redor da Intelixencia Artificial, entre os que destaca o debate sobre o papel das rexións no desenvolvemento da IA, promovido pola Xunta de Galicia e celebrado en Bruxelas en xaneiro de 2023, no que se buscou crear un espazo de diálogo aberto onde debater sobre o desenvolvemento da IA.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Creación dun comité asesor de alto nivel – IA.gal



Impulso de iniciativas de atracción de investimento nacional e internacional en IA



Aliñamento das capacidades de ideación coa demanda da AAPP e os sectores produtivos de Galicia



Configuración de programas e iniciativas de aplicación da intelixencia artificial en Galicia



Creación dun espazo de diálogo aberto e permanente IA en Galicia, así como accións e eventos de comunicación que garantan o coñecemento e a difusión das súas capacidades na sociedade galega



GALICIA REXIÓN INTELIXENTE

MEDIDA 2. Deseño dun marco regulatorio para o control e avance ético e seguro da IA

Deseño dun **marco regulatorio para o control e avance ético** do procesamento de datos o e seu uso co obxectivo de garantir os dereitos fundamentais na aplicación da intelixencia artificial.

PRINCIPAIS AVANCES

Dende o anuncio en decembro de 2021 da posta en marcha dun estudo en colaboración con grupos de traballo do ámbito académico para avaliar o novo marco ético e normativo requirido coa adopción da IA, Galicia avanzou na definición dun marco ético e normativo para á aplicación da IA na rexión.



Definición de mecanismos que garantan o respecto dos principios éticos e legais aplicación da IA

En febreiro de 2022, a Amtega asinou un convenio coas tres universidades galegas para a elaboración dun marco ético, normativo e de impacto da adopción da IA en Galicia, que foi presentado en marzo de 2023. Así, o seguinte paso deuse en setembro de 2023 coa presentación do anteproxecto de Lei de IA na Comisión de seguimento do nodo galicia, xunto coa apertura da consulta pública previa para recoller as aportacións para a elaboración do novo marco normativo.

En novembro de 2023 o Consello de Xunta autorizou o inicio da tramitación do anteproxecto de lei, dando comezo así ao proceso de elaboración do novo marco legal con axuda da Comisión de expertos en IA; e, simultaneamente, á promoción dos avances nas principais institucións europeas, na AESIA e en encontros internacionais relacionados coa dixitalización.

Con todo, a suma dos avances na construción dun marco normativo que garanta o respecto duns principios éticos e legais na aplicación da IA na sociedade galega, culminaron en decembro de 2024 coa aprobación do Proxecto de Lei para o desenvolvemento e impulso da IA en Galicia por parte do Consello de Xunta para a súa remisión ao Parlamento galego.

Este fito converte a Galicia na primeira rexión europea en regular por lei o deseño, adquisición e uso da IA.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Definición de mecanismos que garantan o respecto dos principios éticos – especialmente a perspectiva de xénero – e legais aplicación da IA na sociedade galega



Identificación e medición activa do impacto social de iniciativas de aplicación das tecnoloxías intelixentes no ámbito internacional e promoción de foros de reflexión e debate sobre o uso destas tecnoloxías na sociedade e economía



GALICIA REXIÓN INTELIXENTE

MEDIDA 3. Conexións nacionais e internacionais do ecosistema galego de IA

Conexión do ecosistema galego de IA con **redes de coñecemento e programas nacionais e internacionais** nesta materia, a través do **Radar IA.gal** cuxa actividade se centrará na identificación de boas prácticas, tendencias e iniciativas internacionais, o establecemento de colaboracións, e posicionamento do ecosistema galego en programas e oportunidades de financiamento público.

PRINCIPAIS AVANCES

Esta medida ten por obxectivo potenciar o papel de Galicia na innovación en IA mediante a identificación de boas prácticas internacionais, o establecemento de colaboracións estratéxicas e o posicionamento en programas de financiación. Neste senso, Galicia avanzou en dúas das submedidas relevantes para o progreso da EGIA.

 **Identificación de boas prácticas, tendencias e iniciativas de aplicación da IA no ámbito internacional e a súa difusión no ecosistema e sociedade de Galicia**

En xaneiro de 2023, tivo lugar en Bruxelas a xornada "Intelixencia artificial, intelixencia rexional", promovida pola Xunta de Galicia. Neste evento, coa participación de representantes de institucións europeas e universidades, debateuse sobre o papel das rexións no desenvolvemento da IA, destacando iniciativas relevantes e aliñadas coas tendencias internacionais.

En concreto, destacou a importancia dos estándares e códigos de conducta para empresas e administracións como complemento da Lei europea de IA.

 **Establecemento de dinámicas de colaboración e promoción da inclusión dos axentes do ecosistema galego en redes de cooperación**

En febreiro de 2022, Xunta de Galicia, a través da Amtega, incorporouse ao consorcio europeo Govtech4all. Este consorcio ten como obxectivo reforzar o mercado único europeo promovendo modelos de colaboración público-privada, avanzando cara aos estándares europeos en gobernanza dixital e reforzando os gobernos dixitais nas administracións.

Accións deste tipo reflicten o compromiso de Galicia para consolidarse como referente en IA, conectando o seu ecosistema con redes internacionais, asegurando a difusión de tendencias e promovendo a innovación.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Identificación de boas prácticas, tendencias e iniciativas de aplicación da intelixencia artificial no ámbito internacional e a súa difusión no ecosistema e sociedade de Galicia



Establecemento de dinámicas de colaboración con entidades a nivel internacional e promoción da inclusión dos axentes do ecosistema galego en redes de cooperación e iniciativas de colaboración público-privada en materia de intelixencia artificial



Posicionamento do ecosistema galego en programas e oportunidades de financiamento público, especialmente no marco dos fondos Next Generation e do novo Programa Europa Dixital 2021-2027



TALENTO E COMPETENCIAS EN IA AO LONGO DA VIDA

MEDIDA 4. Intelixencia Artificial no ensino

Implementación da **intelixencia artificial en todas as etapas do ensino**, abordando a súa docencia cun enfoque transversal, desde a base do sistema en educación primaria até a educación universitaria, incorporando contidos curriculares específicos nos plans de estudo das distintas etapas formativas.

PRINCIPAIS AVANCES

A implementación da Intelixencia Artificial en todas as etapas do sistema educativo galego supón un avance pioneiro cara á formación dunha cidadanía preparada para os desafíos da sociedade dixital.



Creación dun grupo experto en IA que deseñe a folla de ruta no sistema educativo galego

En setembro de 2024, o Goberno galego avanzou na integración da IA no ámbito educativo reunindo un grupo de expertos conformado por asesores de distintas áreas da Consellería de Educación, especialistas do Nodo galicia, así como investigadores docentes universitarios.

O seu obxectivo principal foi deseñar un marco ético sólido para garantir un despregamento responsable da IA na xestión educativa e reforzar os valores fundamentais na súa aplicación.



Definición dun programa específico para a formación do profesorado en tecnoloxías intelixentes nos diferentes niveis educativos

En maio de 2023, a Xunta de Galicia deu os primeiros pasos para introducir materias optativas autonómicas centradas na intelixencia artificial, coa intención de incorporar esta tecnoloxía emerxente de forma estruturada e adaptada ao contexto educativo galego.

Para garantir a correcta implementación desta iniciativa, puxéronse en marcha unha serie de medidas que incluíron, entre outras accións, a formación específica do profesorado.

Este proceso de capacitación centrouse en dotar aos docentes das competencias necesarias no ámbito tecnolóxico, proporcionando ferramentas e coñecementos prácticos que faciliten a súa adaptación ás novas esixencias educativas.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Creación dun grupo de expertos/as en IA encargado de deseñar a folla de ruta dos próximos anos no sistema educativo galego que alcanza á innovación e ás competencias STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) vinculadas á intelixencia artificial



Definición dun programa específico para a formación do profesorado en tecnoloxías intelixentes nos diferentes niveis educativos.



TALENTO E COMPETENCIAS EN IA AO LONGO DA VIDA

MEDIDA 5. Especialización da formación científico-tecnolóxica

Orientación da especialización da formación científico-tecnolóxica regulada cara ao aproveitamento das capacidades das tecnoloxías Intelixentes.

PRINCIPAIS AVANCES

No eido do desenvolvemento de formación especializada en IA, esta medida busca adaptar a oferta educativa universitaria aos perfís profesionais e roles que serán demandados no futuro, así como establecer titulacións específicas.

Procura de sinerxías entre a educación universitaria e as profesións do futuro, roles identificados no ámbito da IA

En outubro de 2021, a Consellería de Educación, en colaboración coa FEUGA, presentou o "Catálogo de perfís profesionais do futuro". Este catálogo identifica diferentes roles profesionais emerxentes, relacionados coas tecnoloxías intelixentes.

Ademais, definíronse novas titulacións e especialidades universitarias adaptadas ás necesidades da IA, tendo en conta os tipos de roles segundo sexan específicos ou transversais.



Definición e posta en marcha de titulacións de grao e máster vinculados ás tecnoloxías intelixentes no Sistema Universitario de Galicia

En 2022, puxéronse en marcha o grao e mestrado interuniversitario en intelixencia artificial, que marcaron un fito especialmente relevante no establecemento de formación especializada de alto nivel en Galicia.

Ámbalas dúas titulacións contribúen a reforzar as capacidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para a preparación de profesionais de alta cualificación nesta disciplina.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Procura de sinerxías entre a educación universitaria e as profesións do futuro, roles identificados no ámbito da intelixencia artificial



Definición e posta en marcha de titulacións de grao e máster vinculados ás tecnoloxías intelixentes no Sistema Universitario de Galicia (SUG)



TALENTO E COMPETENCIAS EN IA AO LONGO DA VIDA

MEDIDA 6. Promoción das habilidades dixitais en intelixencia artificial

Promoción das habilidades dixitais en intelixencia artificial para diferentes profesións en liña co establecido no Marco Galego de Competencias Dixitais.

PRINCIPAIS AVANCES

Esta medida busca capacitar aos profesionais galegos para aproveitar as oportunidades que ofrecen as tecnoloxías intelixentes, contribuíndo así ao fortalecemento do tecido empresarial e profesional da rexión.



Organización de talleres e xornadas de inmersión en tecnoloxías intelixentes para pemes e autónomos

Malia que non se rexistraron avances significativos na organización de xornadas dirixidas especificamente a pemes e autónomos, este feito permitiu identificar a necesidade de seguir traballando para dar cumprimento a esta medida e dar resposta ás demandas e características deste colectivo clave na economía galega.

A pesar da ausencia de resultados concretos, o marco establecido polo Marco Galego de Competencias Dixitais e as experiencias previas en iniciativas similares servirán de base sólida para retomar esta submedida nos próximos anos.

A través da EGIA mantense a aposta de Galicia polo desenvolvemento de accións de promoción das habilidades dixitais en tecnoloxías intelixentes, co obxectivo de ofrecer a pemes e autónomos ferramentas prácticas que promovan a súa transformación dixital e a adopción de tecnoloxías intelixentes.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Organización de talleres e xornadas de inmersión en tecnoloxías intelixentes para pemes e autónomos



TALENTO E COMPETENCIAS EN IA AO LONGO DA VIDA

MEDIDA 7. Uso das tecnoloxías intelixentes

Promoción do **uso das tecnoloxías intelixentes** por parte da cidadanía galega.

PRINCIPAIS AVANCES

Ao longo deste período, impulsouse un labor estratéxico centrado na promoción do uso das tecnoloxías intelixentes entre a cidadanía.

A través de actuacións dirixidas a difundir e poñer en valor as capacidades e beneficios que pode achegar a intelixencia artificial, avanzaouse significativamente no impulso da integración das tecnoloxías intelixentes no día a día da poboación galega.



Desenvolvemento dunha campaña de concienciación sobre as capacidades e beneficios da IA

Durante os dos últimos anos, lanzáronse varias edicións dun programa de cursos sobre as aplicacións prácticas da intelixencia artificial para a cidadanía.

As sesións, dirixidas a persoas de máis de 55 anos, tiñan por obxectivo que os participantes adquiriran as competencias necesarias para o uso de ferramentas que empregan a IA, como o móbil, os asistentes persoais ou as solucións de xeración de imaxes.

As sesións foron impartidas en diferentes datas e concellos dispersos pola xeografía galega.

O conxunto de actuacións desenvolveuse mediante a colaboración coas estruturas existentes no territorio, que permitiron non só achegar o coñecemento á cidadanía, se non tamén potenciar unha sociedade máis dixitalizada e preparada para o futuro.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Desenvolvemento dunha campaña de concienciación sobre as capacidades e beneficios da intelixencia artificial á cidadanía galega a través das distintas estruturas xa existentes no territorio



TALENTO E COMPETENCIAS EN IA AO LONGO DA VIDA

MEDIDA 8. Talento investigador e talento innovador

Procura de sinerxías entre os programas de impulso ao **talento investigador e talento innovador** cara á intelixencia artificial.

PRINCIPAIS AVANCES

Co obxectivo de reforzar a posición de Galicia como contorna atractiva para a xeración, captación e retención de talento especializado en IA, esta medida está deseñada para que a nosa rexión fortaleza tanto o seu ecosistema académico como o seu tecido empresarial.



Orientación de iniciativas de xeración, captación e retención de talento no ámbito da IA

Ata a data, non se avanzou no despregamento de iniciativas específicas para a xeración, adquisición e retención de talento no ámbito da intelixencia artificial.

Non obstante, esta situación serviu para reflexionar sobre as prioridades e axustar os enfoques de implantación, garantindo que as actuacións futuras estean aliñadas coas necesidades reais do ecosistema galego.

Aínda que non se materializaron accións específicas nesta medida, identificáronse oportunidades para reforzar o seu desenvolvemento nos próximos anos.

Así, o establecemento de conexións con redes de talento nacionais e internacionais xunto coa potenciación do atractivo de Galicia como rexión de innovación e coñecemento son liñas nas que se traballará prioritariamente nos próximos anos.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Orientación de iniciativas de xeración, captación e retención de talento no ámbito da intelixencia artificial



TALENTO E COMPETENCIAS EN IA AO LONGO DA VIDA

MEDIDA 9. Emprender en intelixencia artificial

Impulso de iniciativas de talento **empresarial en intelixencia artificial.**

PRINCIPAIS AVANCES

Como parte das medidas de talento no marco da EGIA, esta medida busca fomentar o desenvolvemento de proxectos innovadores que contribúan ao fortalecemento do ecosistema galego de IA, con especial foco nos sectores estratéxicos.



Promoción da participación de proxectos de emprendemento innovador en aceleradoras especializadas en tecnoloxías intelixentes e sectores clave para o crecemento económico de Galicia

A pesar de non rexistrarse grandes avances no ámbito desta submedida, este balance inicial contribúe na identificación de áreas de mellora e no establecemento das bases para que as futuras actuacións se axusten con maior precisión ás necesidades do ecosistema empresarial da nosa rexión.

A prioridade segue sendo o fomento do talento empresarial no ámbito da intelixencia artificial, e está previsto traballar na definición dun marco de colaboración máis sólido con aceleradoras especializadas.

Isto garantirá que os proxectos innovadores poidan beneficiarse de ferramentas e recursos que impulsen o seu desenvolvemento e o seu impacto na economía rexional.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Promoción da participación de proxectos de emprendemento innovador en aceleradoras especializadas en tecnoloxías intelixentes e sectores clave para o crecemento económico de Galicia



ADOPCIÓN ESTRATÉXICA DA IA

MEDIDA 10. Galicia como axente tractor

Promoción do rol de Xunta de **Galicia como axente tractor na definición e desenvolvemento** de iniciativas de colaboración **público-privada** na adopción da de intelixencia artificial.

PRINCIPAIS AVANCES

No ámbito da adopción da IA, a Xunta de Galicia busca destacar o seu papel como axente tractor no desenvolvemento de iniciativas que integran colaboracións entre o sector público e o privado.

Ao longo do período que abarcan os tres primeiros anos da Estratexia, acadáronse diferentes fitos que fortalecen a posición de Galicia na adopción desta tecnoloxía.



Xeración dun ecosistema GobTech para desenvolver solucións e xerar produtos

No ano 2021 lanzouse o Acordo Marco de Tecnoloxías Disruptivas da Xunta de Galicia, unha iniciativa destinada a impulsar a adopción de tecnoloxías avanzadas no sector público.

Esta actuación permite a mobilización de recursos para dar resposta aos retos da transformación dixital das AAPP a través do impulso dun ecosistema rexional de desenvolvemento de solucións tecnolóxicas avanzadas e innovadoras,

para a súa posterior adopción polo sector público.



Lanzamento de programas para a especialización do sector TIC en Galicia en materia de IA

Aínda que ata o momento non se teñen rexistrado fitos concretos no lanzamento de programas de especialización en materia de IA para o sector TIC, esta medida representa unha oportunidade clave para o futuro tecnolóxico da rexión.

A coordinación cos nodos de especialización tecnolóxica da Xunta de Galicia, combinada co despregue da rede 5G, sentará as bases para o desenvolvemento de iniciativas que potencien a IA e a súa aplicación en ámbitos críticos como a ciberseguridade.

Este escenario abre a porta á creación de solucións innovadoras e especializadas que reforcen a competitividade do sector TIC e colaboren na consolidación dun ecosistema avanzado e sostible.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Xeración dun ecosistema GobTech para desenvolver solucións e xerar produtos baseados en tecnoloxías intelixentes, simplificando os procesos de compra e facilitando probas de concepto en contornas seguras para pemes e startups



Lanzamento de programas para a especialización do sector TIC de Galicia en materia de intelixencia artificial, de forma coordinada co resto de nodos de especialización tecnolóxica da Xunta de Galicia -despregue da rede 5G para o impulso de iniciativas de IA e aplicación da IA para xerar solucións en materia de ciberseguridade-



ADOPCIÓN ESTRATÉXICA DA IA

MEDIDA 11. Explotación intelixente do dato público

Avance na **explotación intelixente do dato público** en base a un programa global de adopción da intelixencia artificial.

PRINCIPAIS AVANCES

Na senda para establecer un uso eficiente e seguro dos datos públicos a través da IA, Galicia traballou nos últimos anos nun enfoque para potenciar a xestión do dato como activo estratéxico da rexión, promovendo a innovación e a eficiencia na administración.



Implantar un modelo de goberno e explotación do dato público

En xullo de 2022, a Xunta de Galicia aprobou o III Plan de Administración e Goberno Dixital 2025. O plan baséase en elementos diferenciais como a xestión de datos e o uso da intelixencia artificial, sentando as bases para a implantación de estándares, taxonomías e glosarios de metadatos.

Ademais, esta medida busca tamén garantir o cumprimento normativo en materia de seguridade e privacidade da información, para consolidar unha administración dixital baseada na explotación intelixente do dato público.



Habilitar as infraestruturas tecnolóxicas e ferramentas software que permitan o acceso seguro e anonimizado para o compartimento de datos públicos

Na actualidade, están a desenvolverse estudos de colaboración co Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), dirixidos a habilitar infraestruturas tecnolóxicas avanzadas.

O impulso e establecemento desta colaboración permitirá un acceso seguro e anónimo aos datos públicos, fomentando a súa posta en común e uso en proxectos de intelixencia artificial que contribúan á explotación intelixente do dato público por parte da Xunta de Galicia.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Implantar un modelo de goberno e explotación do dato público que defina estándares, taxonomías e glosarios de metadatos e garanta o cumprimento normativo en materia de seguridade e privacidade da información



Habilitar as infraestruturas tecnolóxicas e ferramentas software que permitan o acceso seguro e anonimizado para a compartimento de datos públicos



ADOPCIÓN ESTRATÉXICA DA IA

MEDIDA 12. implantación da IA para a prestación de servizos públicos

Promoción da **implantación da Intelixencia artificial como elemento transformador para a prestación de servizos públicos** e o **impulso dos sectores estratéxicos** para Galicia e avanzar na súa adopción como activo para optimizar estes e a fiabilidade na súa toma de decisións en ámbitos estratéxicos.

PRINCIPAIS AVANCES

Durante o período que abarca o balance fixéronse avances en todas as áreas da administración pública.

I. Sanidade, modos de vida saudables e economía dos coidados

Estando a desenvolver diversos proxectos que permiten á Xunta de Galicia empregar tecnoloxías avanzadas para mellorar a detección e diagnóstico de patoloxías, e optimizar os tratamentos dos pacientes. Así mesmo, destaca o proxecto TARTAGLIA, destinado á creación dunha rede federada de IA para acelerar a investigación sanitaria.

No eido dos coidados, a Xunta leva anos desenvolvendo a plataforma de telemonitorización TELEA do SERGAS, que integra servizos de teleasistencia baseados en tecnoloxías intelixentes para o seguimento e monitorización dos pacientes no seu domicilio. Ademais, está a promover un novo modelo de coidados, situando a Galicia como referente nacional na atención a persoas maiores.

Neste marco, destaca o esforzo por modernizar as residencias públicas galegas mediante a dotación de habitacións intelixentes.

II. Educación e emprego

No eido educativo, durante o 2022 elaborouse unha guía didáctica dirixida ao profesorado para facilitar a integración da IA nas aulas. En 2023, a esta liña de acción engadíronse os avances no proxecto Dixit, que impulsou o desenvolvemento de novos contidos e recursos para a ensinanza da IA en primaria e secundaria.

En relación co emprego, no 2023 lanzouse EMI, unha ferramenta baseada en IA que permite o axuste da oferta e a demanda de emprego en tempo real, mellorando a xestión do emprego en Galicia. A maiores, destacan que en outubro de 2024, integrouse IA na formación profesional galega, permitindo aos alumnos practicar inglés mediante simulacións 3D de situacións laborais reais, mellorando a súa preparación ao mundo profesional.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Sanidade, modos de vida saudable e economía dos coidados



Educación e emprego



ADOPCIÓN ESTRATÉXICA DA IA

III. Territorio sustentable

En xullo de 2022 aprobouse o Plan Territorio Intelixente, a través do cal se puxo en marcha a Plataforma Territorio Intelixente de Galicia. A Plataforma permite a monitorización do territorio e o desenvolvemento de servizos intelixentes de información territorial en múltiples ámbitos, empregando, entre outras ferramentas, a intelixencia artificial.

O Plan conta ademais cun investimento de 6M€ para poñer en marcha o Xemelgo Dixital de Galicia, que permitirá efectuar simulacións e análises predictivas para o deseño de políticas públicas, servizos personalizados ou a xestión de alertas e prevención de riscos no territorio.

IV. Medioambiente, transición enerxética e mobilidade

No ámbito da mobilidade, desenvolveuse o plan e-Mobility, no que grazas a ferramentas de IA, se ofrece información en tempo real sobre o transporte público da rexión.

Por outra banda, en outubro de 2024, como avance no eido ambiental, a Xunta de Galicia presentou o novo sistema de predición de Meteogalicia que incorpora IA, mellorando e reforzando a capacidade de reacción e adaptación ao cambio climático e eventos meteorolóxicos adversos.

Así mesmo, destaca a ferramenta de xestión forestal Xeocode, que aproveita a IA, entre outras tecnoloxías, para prever e paliar incendios.

V. Mar industria-agro industria

En 2023, a Amtega desenvolveu un sistema para integración no Rexistro Vitícola de Galicia, que pretende axudar na localización de parcelas a través de visión artificial e *machine learning*.


Por outra banda, en 2024, a Xunta participou no proxecto europeo AgrifoodTEF, co obxectivo de incorporar da IA no sector agroalimentario e forestal.

VI. Administración, xustiza e facenda dixital

No ano 2023 finalizou a posta en marcha da Plataforma de Automatización Intelixente de Procesos da Xunta de Galicia, que permite dar unha resposta áxil ás necesidades de tramitación de expedientes que inclúen procesos repetitivos, reducindo a si os tempos de tramitación.

Ademais, en setembro de 2024 puxéronse en marcha 30 proxectos piloto de automatización intelixente dos procesos administrativos que liberen aos empregados públicos de realizar tarefas repetitivas.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



ADOPCIÓN ESTRATÉXICA DA IA

MEDIDA 13. Promoción da adopción de solucións intelixentes en pemes e grandes empresas

Promoción nas pemes e grandes empresas dos sectores estratéxicos de Galicia un estado de **adopción de solucións intelixentes** que lles permita competir nos mercados internacionais.

PRINCIPAIS AVANCES

Para conseguir a plena competitividade das empresas galegas no panorama global é necesario impulsalas e axudalas a empregar solucións intelixentes.

A promoción de solucións intelixentes nas empresas galegas busca impulsar a súa competitividade nos sectores clave, facilitando a adopción de tecnoloxías innovadoras para destacar nos mercados internacionais.



Impulsar programas para o asesoramento na incorporación de tecnoloxías intelixentes nos procesos produtivos

Como parte dos avances desta medida, destaca particularmente a convocatoria do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para 2025 das Axudas para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación mediante o uso da IA.

Este programa de axudas ten como obxectivo apoiar a adopción de solucións avanzadas baseadas en IA en sectores estratéxicos de Galicia.

Esta convocatoria pretende actuar como motor clave para consolidar os avances na competitividade das empresas da rexión grazas ao emprego de tecnoloxías intelixentes.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Desenvolver solucións tecnolóxicas baseadas en intelixencia artificial para os procesos industriais no campo da fabricación de maquinaria e outros bens de equipo



Impulsar programas de bonos, cheques e axudas para o asesoramento na incorporación de tecnoloxías intelixentes nos procesos produtivos



I+i ORIENTADA ÁS NECESIDADES DA ECONOMÍA GALEGA

MEDIDA 14. Axenda compartida en I+D+i en IA entre os sectores público e privado

Desenvolvemento dunha **axenda compartida en I+D+i en intelixencia artificial entre os sectores público e privado** que reúna as fortalezas dos diversos centros de investigación e innovación e busque responder ás necesidades da administración pública e das empresas

PRINCIPAIS AVANCES

A coordinación en I+D+i aplicada á IA entre o sector público e privado é clave para impulsar a competitividade e aproveitar as oportunidades que ofrece.



Integración na Comisión interdepartamental en materia de I+D+i do seguimento das actuacións enmarcadas na EGIA

A pesar de que ata o momento non se concretou a integración na Comisión Interdepartamental en materia de I+D+i para o seguimento das actuacións da EGIA, esta situación representa unha oportunidade estratéxica.

A súa posta en marcha podería contribuír a fortalecer a coordinación, garantindo que as iniciativas en IA sexan monitorizadas e impulsadas de maneira eficiente e transversal dentro da administración pública. Este paso suporía un avance clave para consolidar un marco de gobernanza adecuado que favoreza o desenvolvemento e implementación de accións en intelixencia artificial.



Favorecer a actividade dos Hubs de Innovación Dixital de Galicia (DIH) no eido da IA

Durante os primeiros anos da EGIA, impulsouse o desenvolvemento de dous hubs dixitais en Galicia, marcando un avance significativo na transformación dixital das empresas da comunidade.

O hub DATAlife centra a súa actividade nos sectores primario, biotecnolóxico e da saúde, coa misión de facilitar a integración da intelixencia artificial nas pemes galegas destes ámbitos.

Pola súa parte, o Dihgigal está orientado a promover a dixitalización das empresas industriais galegas en xeral.

A creación destes hubs dixitais contribuíu a impulsar solucións innovadoras e competitivas, permitindo ás empresas afrontar os retos da transformación dixital e mellorar a súa posición no mercado.

TERMÓMETRO DE CUMPRIMENTO



Integración na Comisión interdepartamental en materia de I+D+i do seguimento das actuacións enmarcadas na presente estratexia, co obxectivo de favorecer a implementación efectiva das mesmas e mellorar o seu impacto e alcance transversal



Favorecer a actividade dos Hubs de Innovación Dixital de Galicia (DIH) no eido da intelixencia artificial, para promover o seu uso nas cadeas de valor promovidas por eles e, especialmente, favorecer a súa transferencia e impacto nas pemes galegas



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA